



Deputación
DA CORUÑA

Plan de
Emprego Local **PEL**

RESUMO CONVOCATORIA PEL- REACTIVA

Fondo Financiamento para a Reactivación Económica e Social da
provincia da Coruña

QUÉ É PEL- REACTIVA?

PEL- REACTIVA é o Fondo de Financiamento para a Reactivación Económica e Social da provincia da Coruña, e constitúe a nova liña de axudas do Plan de Emprego Local 2020.

Esta liña xurde co afán de colaborar cos concellos en impulsar a actividade económica e o emprego no seus termos municipais e contribuír a paliar na medida do posible os danos derivados da pandemia da COVID- 19, nas microempresas e persoas profesionais autónomas, principal motor de desenvolvemento económico e alicerce fundamental do tecido empresarial da provincia.

A través deste Fondo, os concellos de menos de 50.000 hab disporán dos recursos económicos necesarios para a convocatoria de axudas dirixidas ás persoas profesionais autónomas e microempresas, sustento das súas economías locais, para contribuír así á súa pronta recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico da nova era post COVID-19.

Está concibido como unha medida extraordinaria para axudar aos concellos a paliar os efectos económicos negativos derivados da pandemia do COVID-19, nas microempresas e persoas traballadoras autónomas do seus termos municipais.

As persoas profesionais autónomas e microempresas constitúen a base fundamental sobre a que se sustenta a economía a todos os niveis, desde o local ao europeo. Nos 90 concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, hai máis de 50.000 persoas traballadoras autónomas e microempresas afectadas gravemente por esta situación, atopándose nunha difícil conxuntura a súa sustentabilidade económica e viabilidade a curto prazo e, por ende, o mantemento e a creación de emprego a nivel local e na provincia en xeral. Así, a deputación quere apoiar firmemente o traballo dos profesionais autónomos e das microempresas axudándolles a sacar adiante os seu proxectos laborais e empresariais, que sendo transversais a todos os sectores, son vitais para a reactivación económica.

Agora máis que nunca o PEL amosa o seu apoio ao tecido empresarial da provincia e insúflalle os folgos necesarios para a súa supervivencia a través da creación deste Fondo de Financiamento para a reactivación económica da provincia da Coruña, xestionado polos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes.

CAL É O OBXECTIVO?

O obxectivo deste Fondo, consiste en financiar aos concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes para que estes poidan xestionar unha convocatoria de axudas dirixidas a financiar os gastos correntes das persoas profesionais autónomas e as microempresas radicadas nos seus termos municipais, directamente afectadas pola crise derivada da pandemia da COVID-19.

Estas axudas queren contribuír a mitigar os efectos negativos que están sufrindo as empresas, asegurando a continuidade e viabilidade económica da súa actividade tras a crise da COVID-19, contribuíndo á xeración de emprego e actividade económica, á fixación de poboación nos concellos e ao seu crecemento sustentable.

CÓMO SE INSTRUMENTA?

O Fondo artéllase en dúas fases:

FASE I- Adhesión dos concellos ao Fondo e distribución da aportación provincial.

Os concellos da provincia con poboación inferior aos 50.000 habitantes que queiran ser beneficiarios das axudas PEL- REACTIVA, deberán adherirse ao Fondo a través da páxina web da Deputación Provincial da Coruña <https://www.dacoruna.gal/subvencions> e solicitar a contía que lle corresponda en función da ratio de empresas e persoas traballadoras autónomas con domicilio fiscal no seu concello (ver Anexo I)

Para estes efectos, terase en conta a poboación oficial do concello segundo os datos do último padrón publicado polo Insituto Nacional de Estadística.

Así, os destinatarios iniciais das axudas nesta primeira fase, son os concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes.

O órgano concedente nesta fase é a Deputación da Coruña.

FASE II- Instrumentalización das axudas nos concellos para os destinatarios finais.

Unha vez resolto o procedemento de concesión das axudas aos concellos que solicitaron a súa adhesión ao Fondo na Fase I, estes deberán instrumentalizar unha convocatoria de axudas aos beneficiarios finais, microempresas e profesionais autónomos/as do seu municipio, de

conformidade co establecido na Norma 18 reguladora do Fondo, que establece as bases específicas das axudas de concellos adheridos ao mesmo.

Así, os destinatarios finais das axudas nesta segunda fase, son as persoas traballadoras por conta propia ou autónomas e microempresas dos concellos adheridos ao Fondo que o soliciten.

O órgano concedente nesta fase son os concellos adheridos ao Fondo.

DESTINATARIOS

FASE I- DESTINATARIOS INICIAIS

Os destinatarios iniciais son os concellos da provincia da Coruña con poboación inferior aos 50.000 habitantes.

FASE II- DESTINATARIOS FINAIS

Os destinatarios finais son as persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que teñan o seu domicilio fiscal nun dos municipios adheridos ao Fondo de Financiamento, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

- Grupo I: Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD que 465/2020, do 17 de marzo.
- Grupo II: Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta os seis meses naturais esixido para acreditar a redución os ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.
- Grupo III: Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no RD 465/2020, de 17 de marzo.

CAL É O IMPORTE DAS AXUDAS A PERCIBIR POLOS CONCELLOS?

No Anexo I establécese a distribución do Fondo por concellos, atendendo á ratio de empresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas con domicilio fiscal no concello sobre o total de microempresas e persoas traballadoras autónomas con domicilio fiscal nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Os concellos poderán solicitar a contía do módulo que lles corresponda de conformidade co establecido neste anexo. Estas contías correspóndense co importe total da axuda provincial máxima que percibirán os concellos a través do Fondo, e que supón o 80% da axuda a repartir entre os beneficiarios finais. Por conseguinte, os concellos deberán completar a achega provincial cun 20% da cantidade total de axudas a distribuír.

As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 11.271,99 € e un máximo de 550.578,18 €.

OS CONCELLOS DEBEN APORTAR FONDOS? QUÉ MONTANTE DESTINARÁN A ESTE FONDO DE REACTIVACIÓN?

Si, deben completar a achega provincial cun **20% do total** de subvencións a distribuír no seu concello.

A dotación orzamentaria do PEL- REACTIVA é de 12.500.000 euros, financiándose cunha achega provincial do 80% (10.000.000 euros) e coas achegas municipais do 20% (2.500.000 euros)

Aqueles concellos que na data de publicación das bases das axudas PEL- REACTIVA xa publicaran axudas destinadas, directa ou indirectamente á mesma tipoloxía de persoas beneficiarias deste fondo, teráselles en conta o importe destinado a estas para o cómputo do 20% da achega municipal. Neste senso, cada concello solicitante deberá referenciar na súa solicitude en que medio publicou as ditas axudas para que a Deputación poida analízalas e determinar si estas computan para o 20% de aportación requirida ao concello.

CAL É O IMPORTE DAS AXUDAS A PERCIBIR POLOS BENEFICIARIOS FINAIS?

O importe da subvención a percibir polas persoas traballadoras autónomas e microempresas, será fixo e determinarase conforme aos seguintes criterios:

- a. Traballadores/as por conta propia ou autónomos, sen traballadores ao seu cargo, afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no mes de marzo de 2020, se vira reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma: **1.500 euros**.
- b. Traballadores/as por conta propia ou autónomos con traballadores/as ao seu cargo e microempresas afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo semestre fiscal de 2020, se vira reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou que se viran na obriga de acollerse a un ERTE, atendendo ao seguinte:
- Un só traballador/a: **2.000,00 euros**
 - Entre 2 e 5 traballadores/as: **2.500,00 euros**
 - Entre 6 e 9 traballadores/as: **3.000,00 euros**

QUÉ SE LLES SUBVENCIONA ÁS MICROEMPRESAS E AUTÓNOMOS/AS? CAL É O PERÍODO SUBVENCIONABLE?

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aquelas actividades que se encontren dentro dos seguintes conceptos de gasto:

DESCRICIÓN DA CONTA
Compra de material: Material antiséptico ou desinfectante, produtos hixiénicos e de limpeza
Arrendamentos e canons: Arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións* Gasto directo
*O arrendamento do local de negocio ou instalacións, sempre e cando non sexa parte da vivenda da persoa solicitante ou espazo compartido con outra empresa e non exista relación de parentesco ata 2º grao de consanguinidade ou afinidade co/a arrendador/a do local, nin sexa socio/a ou participe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendador/a. Asimesmo, exclúense os espazos de coworking.
*O renting de maquinaria, máquinas, vehículos, etc.

Reparación e conservación: Adaptación de locais ás medidas de protección fronte ao COVID-19 (mamparas de protección, etc). Gasto directo

Primas seguros: Seguros de responsabilidade civil, seguros de accidentes. Gasto directo

Subministracións: Auga, gas, combustibles, electricidade. Gasto directo

O IVE non se considerará en ningún caso gasto subvencionable

Estas axudas serán compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas, e ata un máximo de 40.000 euros.

O **período subvencionable** abarcará dende o **mes de marzo de 2020 (incluído)** e ata o **31 de decembro de 2020**.

PRAZOS E PRESENTACIÓN

FASE I- Prazo para a adhesión dos concellos ao Fondo de Financiamento

Inicio: 19.08.2020

Fin: ata o 09.10.2020

O prazo de presentación de solicitudes de adhesión dos concellos ao Fondo de Financiamento iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP da Coruña, e **finalizará ás 14.00 horas do día 9 de outubro de 2020**.

Os concellos poderán solicitar a súa solicitude de adhesión de xeito telemático a través da plataforma Subtel: <https://www.dacoruna.gal/dicoruna-subtel/>

FASE II- Prazo para a presentación de solicitudes nos concellos por parte das microempresas e autónomos/as interesados/as

Inicio: ao remate da Fase I, será determinado pola Deputación da Coruña na Resolución da Presidencia de constitución definitiva do Fondo de Financiamento e de asignación de fondos aos concellos.

Fin: máximo 15 días desde a publicación da dita Resolución.

As microempresas e persoas traballadoras autónomas que reúnan os requisitos, poderán solicitar as axudas no concello no que teñan o seu domicilio fiscal, nun prazo de 15 días hábiles desde a publicación da Resolución da Presidencia da Deputación de constitución definitiva do Fondo de Financiamento e de asignación de fondos aos concellos.

Os/a interesados/as presentarán as solicitudes por vía telemática a través da Sede Electrónica dos concellos adheridos ao Fondo, utilizando o formulario normalizado de solcitude dispoñible na sede.

Para a presentación da solcitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

NORMAS REGULADORAS E CONVOCATORIA

As normas reguladoras do Fondo publicáronse no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 123 de 5 de agosto de 2020)

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/05/2020_0000005419.pdf

No Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 128 de 12 de agosto de 2020) publicouse unha modificación da resolución de Presidencia pola que se aprobaran as ditas normas

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/12/2020_0000005589.pdf

A convocatoria 2020 publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 132 de 18 de agosto de 2020)

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/18/2020_0000005679.pdf

ANEXO 1 - PREGUNTAS FRECUENTES

En relación ao informe de autorización para o exercicio de competencias por parte da Xunta de Galicia, ¿é preciso realizar este trámite? , ¿hai que ter a aprobación da autorización da Xunta no momento de realizar a solicitude? ¿existe a posibilidade de presentar a solicitude de adhesión ao Fondo sen achegar a documentación á que fai referencia a Base 6.2 da convocatoria (Anexo III, III-A, III-B e IIIC)?

A solicitude de autorización para o exercicio legal da competencia establecida no marco do artigo 7.4 da LRBRLL á Dirección Xeral de Administración Local, ha de ser anterior á solicitude de adhesión ao programa PEL- REACTIVA, aínda que aclaramos que non é preciso agardar a resposta da Dirección Xeral para solicitar a adhesión ao programa, senón que abonda con ter realizada a solicitude de autorización, é dicir, ter remitidos os Anexos III-A-B e C á dita Dirección Xeral, e especificar no Anexo III a data de realización da solicitude de autorización á mesma.

En relación a este último aspecto, aproveitamos para comentar que a Intervención da Deputación está a valorar coa Dirección Xeral da Administración Local o xeito de simplificar ou prescindir deste trámite. En canto teñamos unha resposta definitiva, a comunicaremos a todos os concellos.

¿Son compatibles as axudas do meu concello para o cómputo do 20% de aportación municipal?

No momento da realización da solicitude na plataforma Subtel, cada concello solicitante debe indicar si na data de publicación das bases PEL REACTIVA, o concello ten publicado axudas destinadas directa ou indirectamente á mesma tipoloxía de persoas beneficiarias do programa PEL-REACTIVA.

No caso de que a resposta anterior sexa afirmativa, o concello deberá indicar o medio no que se realizou a dita publicación, co obxecto de que a Deputación poida determinar si as axudas municipais computan para o 20% de achega municipal.

Tendo en conta os prazos para a tramitación da concesión das axudas, é case seguro que non se concederán polos concellos neste exercicio. Sendo así, cabería a posibilidade de tramitación anticipada da convocatoria de axudas polos concellos, sen que fose necesario

dispoñer do crédito orzamentario neste exercicio. É posible esta opción na que non se dispón do crédito orzamentario total (especialmente a achega municipal) ata o 2021?

Neste caso, segundo indicacións da Intervención Provincial, aceptaríase o compromiso de habilitación de crédito no orzamento 2021 posibilitando a tramitación anticipada do gasto, pero coa previsión do cumprimento dos prazos de xustificación establecidos tanto os establecidos na Norma 12, como na Base 12 da Norma 18 das reguladoras do Fondo.

No caso de que o concello, no exercicio 2019 non cumpra coa regra de gasto ou coa estabilidade orzamentaria, é motivo para que a Xunta de Galicia non conceda ao concello a autorización para o exercicio da competencia? Baixo as condicións anteriores, tendo en conta que a o exercicio de competencias impropias só poden autorizarse e exercerse cando non se poña en risco a sostenibilidade financeira do facenda municipal, aínda que o exercicio das mesmas non agraven a situación orzamentaria de partida, podería o concello acceder, polas citados motivos, á vía de financiamento do PEL -REACTIVA.

No suposto de que a Xunta de Galicia confirme que non é precisa a emisión dos informes do art. 7.4 da LBRL e así se lle comunique aos concellos, a repercusión da incidencia da aportación municipal respecto do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e regra de gastos (en 2020 ou 2021 segundo o cronograma final de actuacións), deberá valorarse por cada concello.

¿Poden os concellos solicitar menor importe do establecido no Anexo I?

A este respecto, non se prohíbe a posibilidade de minoración do importe da subvención a solicitude do concello interesado, sen embargo, os problemas de xestión que poidan derivarse dunhas solicitudes xeralizadas máis a posibilidade de habilitación do crédito na anualidade 2021 con tramitación anticipada do gasto, se fose o caso, aconsellan o mantemento das cantidades na primeira fase.

¿Poden os concellos modificar as cantidades fixas das axudas aos destinatarios finais das mesmas, é dicir, aos autónomos/as e microempresas?

Non, non poden. Os concellos que se adhiran ao Fondo, teñen a obriga de utilizar as bases específicas reguladoras das axudas de concellos adheridos ao PEL- REACTIVA, determinadas na

Norma 18, que establece na Base 8ª, que o importe da subvención aos beneficiarios finais, será fixo e determinarase en conforme aos criterios establecidos nos apartados a) e b) da mesma.

¿Poden os concellos realizar unha aportación ao Fondo superior ao 20%?

Si, os concellos, co afán de chegar a un maior número de beneficiarios finais, poden incrementar a porcentaxe de aportación municipal ao Fondo, pero a aportación provincial non varía, seguirá sendo do 80% establecido nas normas reguladoras e de conformidade ao que lle corresponda ao concello segundo o Anexo I.

¿Qué ocorre si o concello xustifica unha cantidade inferior á que lle foi asignada?

Tal e como establecen as normas reguladoras do Fondo, a xustificación deberá acadar o importe correspondente á suma da achega concedida pola Deputación Provincial da Coruña e a achega municipal.

ANEXO 2- TABOA DISTRIBUCIÓN DO FONDO POR CONCELLOS

DISTRIBUCIÓN DO FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA							
CONCELLO	AUTÓNOMOS/MICROEMPRESAS MUNICIPIOS DE MENOS DE 50.000 HAB.				PORCENTAXE SOBRE TOTAL AUTONOMOS/MICRO-EMPRESAS MUNICIPIOS DE MENOS DE 50.000 HAB.	IMPORTE CORRESPONDENTE*	APORTACIÓN MUNICIPAL (20%)
	de 0 a 2 asalariados	de 3 a 5 asalariados	de 6 a 9 asalariados	Total			
Abegondo	315	29	15	359	0,697697	69.769,70 €	17.442,43 €
Ames	2.117	206	75	2.398	4,660383	466.038,29 €	116.509,57 €
Aranga	96	12	1	109	0,211836	21.183,56 €	5.295,89 €
Ares	261	29	7	297	0,577203	57.720,34 €	14.430,08 €
Arteixo	1.939	241	103	2.283	4,436887	443.688,66 €	110.922,16 €
Arzúa	463	35	22	520	1,010592	101.059,18 €	25.264,79 €
Baña, A	142	9	5	156	0,303178	30.317,75 €	7.579,44 €
Bergondo	652	84	80	816	1,585852	158.585,17 €	39.646,29 €
Betanzos	1.100	115	41	1.256	2,440968	244.096,78 €	61.024,20 €
Boimorto	109	7	2	118	0,229327	22.932,66 €	5.733,16 €
Boiro	1.177	153	45	1.375	2,672238	267.223,79 €	66.805,95 €
Boqueixón	272	38	7	317	0,616072	61.607,23 €	15.401,81 €
Brión	355	29	10	394	0,765718	76.571,76 €	19.142,94 €
Cabana de Bergant.	256	24	8	288	0,559712	55.971,24 €	13.992,81 €
Cabanas	202	28	10	240	0,466427	46.642,70 €	11.660,67 €
Camariñas	382	30	10	422	0,820134	82.013,41 €	20.503,35 €
Cambre	1.506	184	72	1.762	3,424351	342.435,14 €	85.608,78 €
Capela, A	55	6	1	62	0,120494	12.049,36 €	3.012,34 €

Carballo	2.458	261	114	2.833	5,505782	550.578,18 €	137.644,54 €
Cariño	251	16	3	270	0,524730	52.473,03 €	13.118,26 €
Carnota	231	15	2	248	0,481975	48.197,45 €	12.049,36 €
Carral	395	46	24	465	0,903702	90.370,23 €	22.592,56 €
Cedeira	516	38	13	567	1,101934	110.193,37 €	27.548,34 €
Cee	659	79	30	768	1,492566	149.256,63 €	37.314,16 €
Cerceda	310	28	15	353	0,686036	68.603,63 €	17.150,91 €
Cerdido	63	6	4	73	0,141872	14.187,15 €	3.546,79 €
Coirós	94	13	11	118	0,229327	22.932,66 €	5.733,16 €
Corcubión	105	11	5	121	0,235157	23.515,69 €	5.878,92 €
Coristanco	354	37	13	404	0,785152	78.515,21 €	19.628,80 €
Culleredo	1.704	240	105	2.049	3,982120	398.212,03 €	99.553,01 €
Curtis	344	36	22	402	0,781265	78.126,52 €	19.531,63 €
Dodro	122	14	6	142	0,275969	27.596,93 €	6.899,23 €
Dumbría	135	15	5	155	0,301234	30.123,41 €	7.530,85 €
Fene	602	68	29	699	1,358469	135.846,86 €	33.961,71 €
Fisterra	262	20	8	290	0,563599	56.359,93 €	14.089,98 €
Frades	132	12	5	149	0,289573	28.957,34 €	7.239,34 €
Irixoa	61	6	2	69	0,134098	13.409,78 €	3.352,44 €
Laracha, A	657	73	32	762	1,480906	148.090,56 €	37.022,64 €
Laxe	217	19	2	238	0,462540	46.254,01 €	11.563,50 €
Lousame	112	11	5	128	0,248761	24.876,11 €	6.219,03 €
Malpica de Bergantiños	446	23	10	479	0,930911	93.091,05 €	23.272,76 €
Mañón	67	4	3	74	0,143815	14.381,50 €	3.595,37 €
Mazaricos	236	21	7	264	0,513070	51.306,97 €	12.826,74 €
Melide	796	77	31	904	1,756875	175.687,49 €	43.921,87 €
Mesía	136	12	3	151	0,293460	29.346,03 €	7.336,51 €
Miño	407	22	11	440	0,855116	85.511,61 €	21.377,90 €

Moeche	83	9	1	93	0,180740	18.074,05 €	4.518,51 €
Monfero	104	10	2	116	0,225440	22.543,97 €	5.635,99 €
Mugardos	238	20	6	264	0,513070	51.306,97 €	12.826,74 €
Muros	457	49	14	520	1,010592	101.059,18 €	25.264,79 €
Muxía	279	20	8	307	0,596638	59.663,78 €	14.915,95 €
Narón	1.972	250	131	2.353	4,572928	457.292,78 €	114.323,20 €
Neda	241	27	8	276	0,536391	53.639,10 €	13.409,78 €
Negreira	468	60	8	536	1,041687	104.168,69 €	26.042,17 €
Noia	1.095	126	33	1.254	2,437081	243.708,09 €	60.927,02 €
Oleiros	2.152	171	86	2.409	4,681761	468.176,08 €	117.044,02 €
Ordes	982	120	51	1.153	2,240793	224.079,29 €	56.019,82 €
Oroso	492	42	20	554	1,076669	107.666,89 €	26.916,72 €
Ortigueira	432	31	16	479	0,930911	93.091,05 €	23.272,76 €
Outes	351	34	15	400	0,777378	77.737,83 €	19.434,46 €
Oza-Cesuras	255	27	5	287	0,557769	55.776,89 €	13.944,22 €
Paderne	123	8	5	136	0,264309	26.430,86 €	6.607,72 €
Padrón	809	94	40	943	1,832669	183.266,93 €	45.816,73 €
Pino, O	292	22	9	323	0,627733	62.773,30 €	15.693,32 €
Pobra do Caramiñal, A	566	61	22	649	1,261296	126.129,63 €	31.532,41 €
Ponteceso	401	32	14	447	0,868720	86.872,02 €	21.718,01 €
Pontedeume	503	51	13	567	1,101934	110.193,37 €	27.548,34 €
Pontes de García Rodríguez, As	661	71	32	764	1,484793	148.479,25 €	37.119,81 €
Porto do Son	520	49	11	580	1,127199	112.719,85 €	28.179,96 €
Rianxo	582	69	15	666	1,294335	129.433,49 €	32.358,37 €
Ribeira	1.640	191	76	1.907	3,706151	370.615,10 €	92.653,78 €
Rois	226	14	9	249	0,483918	48.391,80 €	12.097,95 €
Sada	1.028	99	38	1.165	2,264114	226.411,43 €	56.602,86 €
San Sadurniño	130	13	8	151	0,293460	29.346,03 €	7.336,51 €

Santa Comba	759	80	34	873	1,696628	169.662,81 €	42.415,70 €
Santiso	72	7	4	83	0,161306	16.130,60 €	4.032,65 €
Sobrado	100	12	7	119	0,231270	23.127,00 €	5.781,75 €
Somozas, As	57	11	3	71	0,137985	13.798,46 €	3.449,62 €
Teo	1.045	98	51	1.194	2,320474	232.047,42 €	58.011,86 €
Toques	47	7	4	58	0,112720	11.271,99 €	2.818,00 €
Tordoia	158	7	6	171	0,332329	33.232,92 €	8.308,23 €
Touro	167	13	6	186	0,361481	36.148,09 €	9.037,02 €
Trazo	149	8	4	161	0,312895	31.289,48 €	7.822,37 €
Val do Dubra	232	35	11	278	0,540278	54.027,79 €	13.506,95 €
Valdoviño	310	30	14	354	0,687980	68.797,98 €	17.199,49 €
Vedra	274	35	12	321	0,623846	62.384,61 €	15.596,15 €
Vilarmaior	52	6	1	59	0,114663	11.466,33 €	2.866,58 €
Vilasantar	61	8	4	73	0,141872	14.187,15 €	3.546,79 €
Vimianzo	588	54	19	661	1,284618	128.461,76 €	32.115,44 €
Zas	411	35	12	458	0,890098	89.009,81 €	22.252,45 €
Total provincia A Coruña	44.835	4.698	1.922	51.455	100	10.000.000,00 €	2.500.000,00 €

*No caso de que o importe dos pagos xustificadas polo concello, sexa inferior á cantidade que lle foi asignada, a achega provincial reducirase proporcionalmente ao importe efectivamente xustificada.